



Estimadas familias:

Como xa se informou no primeiro trimestre, este curso organizarase a **viaxe de fin de etapa para o alumnado de 4º ESO a Cataluña**.

A viaxe realizarase **do venres 17 de xuño ao mércores 22 de xuño** e o prezo será de **475€ (cun grupo mínimo de 40 alumnos/as; en caso contrario, o prezo poderá sufrir variacións)**, que inclúe:

- Traslados en autobús e estancia de 5 noites en hotel (2 días de pensión completa e 3 días de media pensión)
- Comidas fóra do hotel (inclúe auga)
- Visita con guía a Barcelona e a Montblanc
- Entrada a PortAventura Park
- Actividade acuática con monitorado (kayak, banana e vela lixeira) un dos días
- Seguro de viaxe

O **pago da viaxe** realizarase nos seguintes **prazos**:

- Pago de 25€ antes do 8 de febreiro (reserva de praza)
- Pago de 50€ entre o 1 e o 8 de marzo
- Pago de 200€ entre o 25 e o 29 de abril
- Pago de 200€ entre o 25 e o 30 de maio

As **condicións de cancelación** son as seguintes: dende 45 días antes da saída: 30% de penalización; dende 15 días antes da saída: 60% de penalización; dende 8 días antes da saída: 100% de penalización.

O alumnado que desexe participar na viaxe debe **ingresar 25€ de reserva antes do 8 de febreiro** na conta ES36 2080 5473 5230 4010 0149 indicando no concepto o nome e apelidos do/a alumno/a, así como **entregar a seguinte autorización xunto co xustificante de pagamento** en Vicedirección.

Para achegar máis información e resolver posibles dúbidas ás familias de alumnado que vaia participar na excursión convócase unha **xuntanza informativa o mércores 2 de febreiro ás 19.30h de xeito telemático**.

Deberán conectarse **a través de CiscoWebex** na seguinte sala: <https://eduxunta.webex.com/meet/sabelabara>.

Reciban vostedes un cordial saúdo,

Sabela Bará Louro  
Vicedirectora do IES de Poio

.....  
Eu Dª/D \_\_\_\_\_ coma responsable da/o  
alumna/o \_\_\_\_\_ de 4º ESO grupo \_\_ DOU A  
MIÑA AUTORIZACIÓN para que participe na viaxe de fin de etapa do curso 2021/2022 e achego o  
xustificante de pago do primeiro prazo.

Poio, \_\_\_ de FEBREIRO de 2022

Asdo.: A persoa responsable da/o alumna/o